

## ACTA Nº 26/10

### SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 29 DE XUÑO DE 2010

#### Asistentes:

#### CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.  
D. Arturo González Pérez.  
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.  
D. Daniel Rodas Chapela.  
D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 29 de xuño de 2010, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 13:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 13:05 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 22/10 do 31 de maio de 2010.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

#### **2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.**

Dáse conta que nas resolucións nºs 322, 327, 328 e 330/10, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para, na 322 e 327/10 dar de alta a usuarios da ludoteca; na 328/10, recoñecer a obriga para o pago dunha axuda de supervivencia; e na 330/10 aprobar a contratación das persoas que superaron o proceso selectivo dos programas de Cooperación local 2010 *Conservación e Rexeneración Ambiental e Salvamento en praias* para poder cumprir co prazo establecido na resolución de concesión destes programas pola Consellería.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

### 3.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

**3.A) EXPTE. 96/10 – D. EUGENIO DEL RÍO DÍAZ** presenta proxecto de substitución de cuberta en vivenda unifamiliar, sita na rúa Dtor. José Abal Rúa, 36, do barrio da Ribeira-Meira, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado o día 17.06.2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 22 de xuño de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR (OBRA MAIOR)  
**INFORME:** **Procede licenza.**

Require informe sectoriais.

No expediente consta autorización da Deputación Provincial.

Obra en situación xenérica de fóra de ordenación atendendo á definición que da mesma se outorga polas NN.SS de planeamento municipal. Prohíbese o cambio de uso e o incremento de volume. Obras que se outorgan, tamén, ao abeiro do artigo 9 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Non require cesións á vía pública.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	255,23 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra .....	110,00 €

**3.B) EXPTE. 160/09 – POZONOVO COSTA, S.L.** presenta proxecto de conservación de vivenda unifamiliar, sita na Avda. Porta do Sol, núm. 167, do barrio da Ribeira-Meira-Moaña, redactado polo arquitecto técnico D. Cristóbal Brañas Pena, visado o día 30.07.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 23 de xuño de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** PROXECTO DE CONSERVACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR  
**INFORME:** **Procede licenza.**

Require informe sectoriais.

No expediente consta informe do Servizo de Estradas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas así como do Servizo de Urbanismo da mesma Consellería, en razón da posición da obra na franxa de protección; razón pola que outorga a autorización da Comunidade Autónoma, debendo cumprimentar o resto de condicionados.

Edificación e situación de fóra de ordenación.

Descríbense as obras no apartado 1.3 do proxecto. Constitúen obras amparadas no artigo 9 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	214,73 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra .....	110,00 €

**3.C) EXPTE. 20/10 – D.<sup>a</sup> ALICA JUNCAL LEMOS** presenta proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar situada no barrio de Fontevieita, s/n, quintela, redactado polo arquitecto D. Benigno Jáuregui Fernández, visado o 15 de febreiro de 2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 23 de xuño de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO: BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR**

**INFORME: Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.**

Proxecto básico e de execución.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 6 de maio de 2010 para Ordenanzas 2 das NN.SS. de planeamento municipal.

Non require informes sectoriais.

Cédese 61,10 m<sup>2</sup>, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 702,25 euros, contía que responde ós gastos de urbanización simultánea a acometer polo petionario.

Superficie da parcela segundo medición técnica ascende a 899,40 metros cadrados.

O rocho obrigatorio alóxase na adega ou calquera espazo excedentario de carácter non habitable.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; ara recibir estas últimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xuridico:

A presente licenza aplicaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado á Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	5.259,89 €
Taxas licenza urbanística.....	657,49 €
Cartel de obra .....	110,00 €

Taxas conexión saneamento ..... 180,00 €

**3.D) EXPTE. 94/10 – D. JOSÉ FREIRE CANCELAS** presenta proxecto de construción de piscina e muro de contención de terras, a situar no barrio do Casal nº 28 A, San Martiño, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado na data 20.05.2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 23 de xuño de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** PISCINA E MURO DE CONTENCIÓN DE TERRAS (OBRA MAIOR)  
**INFORME:** **Procede licenza.**

As dimensións do muro de contención non sobrepasarán os dous metros de cara vista.  
No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

**Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	375,62 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra .....	110,00 €

**3.E) EXPTE. 86/10 – D. MIGUEL ÁNGEL ROSALES GONZÁLEZ** presenta proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar e edificación auxiliar, a situar no barrio de Costa-Domaio, redactado polo arquitecto técnico D. Gumersindo Vázquez Gómez, visado na data 25.05.2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 23 de xuño de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE VIVENDAS UNIFAMILIAR E LOCAL AUXILIAR .  
**INFORME:** **Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.**

Proxecto básico e de execución.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 21 de xuño de 2010 para Ordenanza 1 das NN.SS de planeamento municipal.

Non require informes sectoriais.

Cédese 0,00 m<sup>2</sup>, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe de 0,00 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo petionario.

O lavadeiro en planta baixa deberá estar integrado na vivenda como elemento pechado polo cal deberá accederse dende o espazo de comunicación e non dende o garaxe. Modificar.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea e prazo; para recibir esta últimas polo Concello e facultar a conexión coas

infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xuridico:

A presente licenza aplicaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado á Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	3.015,90 €
Taxas licenza urbanística.....	376,99 €
Cartel de obra .....	110,00 €
Taxas saneamento .....	180,00 €

#### **4.- LICENZA DE OBRAS ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE**

**EXPTE. 97/10 – D.<sup>a</sup> MONTSE VILLAR FERRADAS** presenta proxecto de acondicionamento de baixo para local comercial sito no barrio de Palmás, 85, baixo, Domaio, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado na data 17.06.2010,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 22 de xuño de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** LICENZA DE OBRAS E ACTIVIDADE PARA LOCAL COMERCIAL DE VENDA DE ROUPA E CALZADO DEPORTIVO.

#### **INFORME:**

Procede licenza de obras e actividade destinada a **local comercial de venda de roupa e calzado deportivo**, de acordo co proxecto técnico.

O apartado 3 do artigo 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais – Decreto de 17 de xuño de 1955- especifica que con arreglo ao proxecto presentado, a edificación dun inmovible se destinará a establecemento de características determinadas, non se outorgará a licenza de obras sen o outorgamento da licenza de apertura se fose procedente.

Abondando na cuestión, o apartado 2 do artigo 196 da Lei 9/2002, reformada pola Lei 15/2004 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, nos afirma que nos supostos que esixan licenza de actividade ou apertura e, ademais, licenza urbanística, serán obxecto dunha soa resolución, sen prexuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas de cada intervención administrativa.

Para a ordenanza de usos das NN.SS de Planeamento municipal a actividade resulta compatible.

Rematadas as obras deberá presentar o certificado final de obra do facultativo encargado das mesmas; os servizos municipais supervisarán a instalación antes da posta en funcionamento e apertura da mesma.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	380,40 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €
Saneamento .....	180,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico e do secretario municipal, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes existentes no mentado expediente, e tras o pagamento das taxas correspondentes, acorda:

**PRIMEIRO:** Outorgar licenza de actividade que solicita D.<sup>a</sup> MONTSE VILLAR FERRADAS para a actividade destinada a **local comercial de venda de roupa e calzado deportivo**.

**SEGUNDO:** Outorgar a licenza urbanística para as obras de “ACONDICIONAMENTO DE BAIXO PARA LOCAL COMERCIAL”. A licenza urbanística determina o devengo do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e en consecuencia, apróbase a liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, de conformidade co orzamento incluído no proxecto presentado, polas cantidades arriba referidas.

**TERCERO.-** Non poderá comezarse a exercer a actividade mencionada en tanto non se conceda a LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA E POSTA EN FUNCIONAMENTO que deberá solicitar o interesado, declarando a execución das obras de conformidade cos termos desta Licenza, acompañando á petición, certificado do Técnico Director das obras ou instalacións en que se especifique a súa conformidade cos termos desta Licenza, sen prexuízo de que todo o anterior sexa corroborado polo arquitecto técnico municipal a cuxo efecto levantará Acta de Comprobación.

## **5.- PARCELACIÓN**

**EXPTE. 95/10 - D. <sup>a</sup> CARMEN ROMERO PORTELA** presenta proxecto de parcelación de terreo de 905 m2 sito no barrio do Casal, 95 – San Martiño, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Francisco Díaz Juncal, visado na da 10.06.2010.

Dáse conta do informe do aparelador do concello de Moaña de data 22 de xuño de 2010, que literalmente di como segue:

**ASUNTO:** PARCELACIÓN

**INFORME:** **Procede licenza de parcelación.**

Solo urbano de Ordenanza 1. As parcelas resultantes da parcelación da finca matriz de 905,00 metros cadrados descritas na documentación técnica presentada, visada polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas con data de 10/06/2010, resultan tres parcelas brutas “A”, “B” e “C” de 391,00; 297,00 e 217,00 metros cadrados respectivamente e que cumpren coa condición de mínimas según a determinación da ordenación urbanística previstas para a zona onde se enclavan.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Taxa licenza urbanística..... 132,00€

Visto o expediente instruído a instancia da interesada e examinados os informes do técnico e do secretario municipal,

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de parcelación de finca, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección ós condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

## 6.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

D. José Carlos Sotelo Santos, por instancia do 13 de maio de 2010, expón que con data 28 de setembro de 2007, D. Jesús Pena Álvarez e D.<sup>a</sup> Adelina Santomé Graña vendéronlle a finca “Fontiña” ou “Tomada da Fontiña”, e a correspondente vivenda en construción. Indica que dita obra ten unha concesión de licenza de obra expte. 158/03 e solicita o cambio de titularidade de dita licenza. Achégase copia da concesión de prórroga de licenza por acordo da Xunta de Goberno Local do 01.06.07 e escritura de compravenda.

Dáse conta do informe do aparelador do concello de Moaña de data 17 de xuño de 2010, que literalmente di:

Con data de 28/06/2007 foi notificado acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 1 de xuño de 2007 prórroga dunha licenza outorgada a JESÚS PENA ÁLVAREZ e ADELINA SANTOMÉ GRAÑA, licenza que procede ser modificada na súa titularidade en función da documentación presentada a favor de JOSE CARLOS SOTELO SANTOS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o cambio de titularidade da licenza nº 158/03 cuxos titulares eran D. JESÚS PENA ÁLVAREZ e D.<sup>a</sup> ADELINA SANTOMÉ GRAÑA, ao novo titular D. JOSÉ CARLOS SOTELO SANTOS.

## 7.- PROPOSTAS DE GASTOS

7.A) Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan de seguido,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
MEDIO AMBIENTE	Exposición Alternalia 2010: (montaxe stand, tarima para zonas de exposición central e cadro eléctrico)	CONGRESOS E EXPOSICIÓN, S.L.	1720 20300 RC 1065	10.000,00€
DEPORTES	Subministro gasóleo para campo de fútbol	GASOLEOS DO LEREZ, S.L.	3420 22103 RC 1079	527,80 €

ALCALDÍA	Dereitos de acometida eléctrica campo de fútbol	UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.	3420 62201 RC 1061	4.135,83 €
SERVIZOS SOCIAIS	Saída cultural a Portugal	AUTOCARES BENITO GARCÍA	2310 22620 RC 1071	1.728,00 €
MEDIO AMBIENTE E MAR	Montaxe-desmontaxe e mantemento balizamento praias	CEN CANGAS, S.L.	1340 22703 RC 1064	1.450,00 €
MEDIO AMBIENTE E MAR	Subministro material balizamento praias	CEN CANGAS, S.L.	1720 62906 RC 1063	2.555,42 €
CULTURA	Bombas palenque festas do Carne 2010	PIROTECNIA LA GALLEGA, S.L.	3340 22612 RC 1077 vinculación 33 -22	1.000 €
CULTURA	Fogos de lucería festas do Carne 2010	PIROTECNIA LA GALLEGA, S.L.	3340 22612 RC 1076 vinculación 33-22	4.000 €
SERVIZOS	Adquisición tractor cortacesped	AGROCAR, S.C.	1710 62302 RC 1060	5.125,25 €
MEDIO AMBIENTE E MAR	Adquisición silla anfibia	EMERGALIA, S.L.	1340 62301 RC 1059	2.140,00 €
XUVENTUDE E DEPORTES	Material informático	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	9200 22002 RC 1075	146,00 €
CULTURA	Servizo de son para o memorial LOLA DIZ 2010	JESÚS JALDA VÁZQUEZ	3340 22610 RC 1070	826,00 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado polas retencións de crédito que para eses gastos se efectuaron nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

**7.B)** Vista a proposta de gasto da Concellería de Medio Ambiente para o pago dos dereitos da acometida eléctrica para o canil municipal, cuxa provedora é UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., por un importe de 1.558,87 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3130 61104,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2008 acreditado pola retención de crédito para gastos que a proposta da concellería de facenda se efectúan nas partidas mencionadas



Vista a solicitude de expedición dun pago a xustificar de DANIEL RODAS CHAPELA, para o pagamento dos dereitos desa acometida eléctrica, cuxa contía é de 1.558,87 euros,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda

Primeiro: aprobar a proposta de gasto da Concellería de Medio Ambiente para o pagamento dos dereitos da acometida eléctrica para o canil municipal, autorizando e comprometendo o gasto por un importe de 1.558,87 euros, a favor de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., con cargo á aplicación orzamentaria 3130 61104.

Segundo: aprobar o pago a xustificar a DANIEL RODAS CHAPELA por importe de 1.558,87 euros, en concepto de pagamento dos dereitos da acometida eléctrica para o canil municipal.

### **7.C) GASTOS DERIVADOS DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DO LOCAL DESTINADO A NAVE DE SERVIZOS**

Vista a proposta da Alcaldía de data 24 de xuño de 2010 que literalmente di como segue:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado a nave de servizos. Conforme coa cláusula terceira do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, subministro de auga, recollida do lixo, etc.

O arrendador do local, presenta en concepto de consumo de enerxía eléctrica a seguinte factura: GAS NATURAL, S.U.R. 03100110109076 (161209 a 150110) 303,89 euros.

Na súa consecuencia propoño: o recoñecemento da obriga a favor de **DOMONDO, S.L** por importe de 303,89 euros, en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica, con cargo á partida orzamentaria 1550 20200.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar o recoñecemento da obriga por importe de 303,89 euros a **DOMONDO, S.L.**, en concepto de consumo de enerxía eléctrica con cargo a partida 1550 20200.

### **8.- GRATIFICACIÓNS EXTRAORDINARIAS POLICÍA LOCAL**

Vistos os informes do xefe da Policía local do Concello de Moaña, onde se reflicten as horas extraordinarias realizadas polas distintas axentes que de seguido se relacionan:

	<b>DATA</b>	<b>SERVIZO REALIZADO</b>	<b>Autorizado</b>	<b>Diurnas</b>		<b>Nocturas</b>		<b>Festivas</b>		<b>IMPORTE</b>
JESÚS BLANCO FERNÁNDEZ	11/06/10	Procesión en San Martiño	R.A. 298/10	3	13,33					<b>39,99 €</b>

JOSÉ BENITO PÉREZ CARRERA	11/06/10	Procesión en San Martíño	R.A. 298/10	3	13,33						<b>39,99 €</b>
---------------------------------	----------	--------------------------------	-------------	---	-------	--	--	--	--	--	----------------

Visto o informe do interventor do 25 de xuño de 2010,

Visto que todas esas horas extraordinarias contan cos informes do xefe da Policía local xustificativos da súa realización,

Vista a existencia de crédito dispoñible para a imputación do gasto destas horas extras de persoal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as respectivas liquidacións destes servizos extraordinarios con cargo á partida 1320 12104 para o seu posterior pagamento.

#### **9.- SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL**

No DOG do 28 de maio de 2010, publícase a *Orde do 19 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000 e a súa convocatoria para os anos 2010 e 2011* da Consellería de Medio Rural.

Vistas ditas bases reguladoras e dado que o Concello de Moaña ten unha superficie de 1,19 ha incluída na Rede Natura,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda acollerse a dita convocatoria e, dentro do grupo de axudas “1.b) Actividades dirixidas á recuperación de elementos históricos patrimoniais ou culturais representativos da paisaxe agraria tradicional”, solicitar axuda para o proxecto *MELLORAS NA CONTORNA DO MUÍÑO DO RIAL E ROTEIROS ADXACENTES* cuxo orzamento de execución é de 189.632,44 € .

#### **10.- SOLICITUDE DE AXUDA PARA O APOIO Á POLICÍA LOCAL Á CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA.**

No DOG nº 117, do 22 de xuño de 2010, publícase a *Orde do 18 de xuño de 2010 pola que se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, axudas aos concello de Galicia, para o apoio á policía local, consistentes na cesión en propiedade de vehículos especialmente preparados para o exercicio das súas funcións* da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e dáse un prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación para que os concellos que reúnan os requisitos e desexen optar ás axudas presenten a solicitude.

Visto que os vehículos obxecto de cesión serán motocicletas que irán adaptadas e rotuladas para as funcións propias dos corpos de Policía local,

Vistos os requisitos que se esixen para poder optar a estas axudas e dado que o Concello de Moaña cumpre con todos eles,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda acollerse a esta convocatoria para solicitar a cesión en propiedade dun vehículo – motocicleta- para a Policía local, e acepta integramente os termos e prescricións da convocatoria, ao tempo que faculta ao alcalde para aceptar a cesión no caso de resolución favorable da Consellería.

### **11.- ADXUDICACIÓN DA OBRA “SANEAMENTO PRAZA PÚBLICA E LAVADEIRO EN A MARTINGA”.**

En xullo de 2009 elaborouse Proxecto básico e de execución para a obra “Saneamento praza pública e lavadeiro en A Martinga” redactado polos Servizos Técnicos Municipais, que conta cun importe de execución por contrata de TRINTA E NOVE MIL TRESCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS IVE incluído (39.356,43 EUROS) (33.927,96 € + 5.428,47 € de IVE).

Para a realización do obxecto do contrato solicitouse oferta á empresa PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, recibíndose oferta da mesma de data 16 de xuño de 2010, N° de rexistro de entrada 4.818.

Á oferta presenta as seguintes condicións: PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS: Prezo: TRINTA E NOVE MIL TRESCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS IVE incluído (39.356,42 euros) (33.352,90 € + 6.003,52 € de 18% de IVE).

O contrato que se pretende adxudicar, en atención á súa contía, pode cualificarse de menor, ao amparo do establecido con carácter xeral no artigo 122.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en relación co artigo 95 de dito texto legal, tendo a consideración de contrato de obra .

Pola Intervención Municipal practicouse con data 28 de xuño do 2010 a oportuna Retención de crédito con cargo á partida 1610.61910 do vixente Orzamento municipal.

Atendendo ao disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Vista a delegación de competencia da Alcaldía na Xunta de Goberno Local de data 18 de xuño de 2007

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o Proxecto da Obra “Saneamento praza pública e lavadeiro en A Martinga” redactado polos Servizos Técnicos Municipais, con cargo ao PPC-2010.

**SEGUNDO.-** Aprobar a Proposta de adxudicación e aprobación de gasto en relación ca contratación da obra “Saneamento praza pública e lavadeiro en A Martinga.”

**TERCEIRO.-** Adxudicar o CONTRATO MENOR da obra “Saneamento praza pública e lavadeiro en A Martinga” á empresa PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS por un importe total de 39.356,42 euros, IVE incluído, conforme ao Orzamento presentado por esta empresa e cun prazo de execución de tres meses.

CUARTO.- Aprobar o gasto con cargo á partida de Gastos 5110.60110 do Orzamento Municipal por importe de 39.356,42 euros.

QUINTO.- Que se notifique ao contratista dentro do prazo de dez días o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos quince días seguintes da data na que reciba esta notificación, presente o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 1.967,82 Euros e se lle cite para que nos 30 días seguintes a notificación da adxudicación concorra a formaliza-lo contrato en documento administrativo.

SEXTO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro, a D. Xosé Manuel Carballo Moldes, Arquitecto técnico municipal e responsable do contrato a D. Valentín Piñeiro Gonzalez.

## **12.- EXAME DE OFERTAS DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ORGANIZACIÓN, CONTRATACIÓN ARTÍSTICA, PRODUCCIÓN E PUBLICIDADE DA XXVI EDICIÓN DO FESTIVAL INTERCÉLTICO DO MORRAZO”**

A Xunta de Goberno, en data 7 de xuño de 2010, acordou aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para a adxudicación do contrato de servizos de organización, contratación artística, produción e publicidade da XXVI edición do Festival Intercéltico do Morrazo, aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que haberan de rexe-la contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e remitir as invitacións para participar na licitación, ás seguintes tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- MEDIA ARTICKET S.A.
- SARAIBA PRODUCCIÓN S.
- NONSI, SERVIZOS CULTURALS S.L.

En data 23 de xuño, á vista da documentación presentada por estas empresas, se remite dende o Concello, de acordo ca cláusula 12.1 dos pregos de licitación, requirimento para que no prazo de dous días hábiles presentasen documentación complementaria que subsanase omisión subsanables na citada documentación.

Seguidamente e de conformidade ca cláusula 12 dos pregos, esta Xunta de Goberno, coma órgano de contratación, procede a examinar a documentación remitida polos licitadores aos que se cursou invitación a presentar ofertas, documentación relativa á capacidade e a solvencia necesarias para a execución da obra.

A Xunta de Goberno declara excluídas a seguinte oferta, por canto toda a documentación remitida por MEDIA ARTICKET S.A. vai referida a outra empresa PRODUCCIONES Y ESPECTÁCULOS DE GALICIA S.L., cando a invitación foi remitida á primeira das citadas.

- MEDIA ARTICKET S.A.

A Xunta de Goberno declara admitida, á vista da documentación presentada, a seguinte oferta:

- NONSI, SERVIZOS CULTURAIS S.L.

A continuación, comeza o acto de apertura de ofertas, co seguinte resultado:

- NONSI, SERVIZOS CULTURAIS S.L.:

- OFERTA ARTÍSTICA (Custos SGAE incluídos): Solas, Anxo Lorenzo, Ophiusa, Garma. Importe: 29.028,00 euros (Ive incluído).

- OFERTA DE PRODUCCIÓN: Cameríns, baños, xeradores eléctricos, persoal produción, hotéis, manutención e catering, equipo de son, backline, seguridade imprevistos, seguros de responsabilidade civil e de suspensión por causas climatolóxicas e produción da empresa. Importe: 18.731,40 euros (Ive incluído).

- OFERTA DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN: Cartacería, radio, web, tarefas prensa, mailing promocional. Importe: 1.245,80 euros (Ive incluído).

**PREZO TOTAL:** 49.005,88 euros. (42.216,77 + 6.789,11 euros de IVE.).

Á vista das condicións da única oferta admitida, entendendo que a oferta é susceptible de mellora, a Xunta de Goberno, de conformidade co disposto na cláusula 12.2 dos pregos, e por unanimidade dos presentes, acorda:

UNICO-. Acordar inicio de proceso de negociación ca empresa NONSI, SERVIZOS CULTURAIS S.L. respecto da oferta presentada.

### **13.- INICIO DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CONTRATO DE OBRAS**

En data de 10 de maio de 2010, a Xunta de Goberno adxudicou a realización da obra “Construción de pistas de atletismo na Xunqueira” á empresa U.T.E. INDEPO CONSTRUCCIONES DEPORTIVAS S.L. e ANTALSIS S.L., polo prezo de CATROCENTOS CATRO MIL SEISCENTOS UN EUROS E SESENTA E TRES CÉNTIMOS (404.601,63 euros). (348.794,51 euros + 55.807,12 euros de IVE) e un prazo de execución de 3 meses.

Figura no expediente reformado de Proxecto redactado polo Redactor do proxecto inicial e Director de Obra de xuño de 2010. No Orzamento do modificado se recolle a alteración do prezo do contrato inicialmente previsto, cun incremento de 85.344,18 euros, á marxe do importe do IVE, que pasa a aplicar un tipo do 18% co incremento correspondente.

Visto o informe da Secretaría Municipal, de data 29 de xuño de 2010, e atendendo as circunstancias concorrentes expostas na memoria do modificado e por razóns de interese público.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, e de conformidade co artigo 217.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, acorda iniciar expediente de modificación da obra “Construción de pistas de atletismo na Xunqueira”

e conceder un prazo de tres días hábiles de audiencia ao contratista respecto da proposta de modificado da obra.

#### **14.- SOLICITUDE DE INFORME RESPECTO DO POSIBLE EJERCIZO POR PARTE DO CONCELLO DE DEREITO DE TANTEO E RETRACTO RESPECTO DA PARCELA X RESULTANTE DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO III DO PLAN PARCIAL ROSAL SUR PREVIAMENTE ALLEADA POLO CONCELLO.**

En data 8 de maio de 2006, a Xunta de Goberno acordou adxudicar por concurso, procedemento aberto o alleamento da parcela municipal X correspondente ao aproveitamento lucrativo municipal do Polígono III do Plan Parcial Rosal Sur pertencente ao Concello de Moaña á Empresa MADAJUNCAL, S.L. polo prezo de SEISCENTOS NOVENTA E UN MIL CENTO SESENTA E TRES EUROS (691.163 €) máis IVE co compromiso de executar as obras de edificación nun prazo de 960 días dende o outorgamento de licenza municipal co condicionado imposto no prego de condicións, destinando a edificación a vivendas de uso libre e comercial.

En data 26 de marzo de 2007, a Xunta de Goberno adoptou acordo de concesión de licenza para proxecto básico e de execución para construción dun edificio de dous sotos, planta baixa, catro plantas e baixo cuberta para garaxes, locais comerciais, oficina, once vivendas e sete duplex, sito no Barrio de O Redondo, Plan Parcial Rosal Sur, Parcelas 18 e X. Posteriormente, en Xunta de Goberno de data 9 de decembro de 2008, aprobouse un Reformado de básico e de execución (visado o 01/04/2008) por cambio de uso da planta primeira dividíndose en dous locais, a pranta segunda se divide en seis vivendas e a pranta terceira se divide en cinco vivendas, nos termos de edificabilidade e demais resultantes da presentación do proxecto e do informe do técnico municipal.

En data 29 de xuño de 2010, PROMOTORA MADAJUNCAL S.L. solicita do Concello informe aclarativo respecto de si o Concello vai facer exercizo do dereito de tanteo e retracto previsto nos pregos do alleamento da parcela municipal X correspondente ao aproveitamento lucrativo municipal do Polígono III do Plan Parcial Rosal Sur. Acompaña escrito no que determina os prazos de venda.

Os prezos de venda presentados pola promotora, se atopan nos límites de prezos máximos de venda previstos na cláusula 2ª das condicións específicas establecidas nos pregos polos que se rexiu a compravenda da parcela polo Concello.

Á vista do previsto na cláusula 4ª dos citados pregos respecto do dereito de tanteo e retracto por parte do Concello e os prezos sinalados na documentación remitida pola PROMOTORA MADAJUNCAL S.L.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:  
Non facer uso do dereito de tanteo e retracto que lle concedía a cláusula 2ª das condicións específicas establecidas nos pregos polos que se rexiu a compravenda da parcela X correspondente ao aproveitamento lucrativo municipal do Polígono III do Plan Parcial Rosal Sur, parcela allenda por concuso á PROMOTORA MADAJUNCAL S.L. mediante acordo da Xunta de Goberno en data 8 de maio de 2006.

## 15.- BASES DE SELECCIÓN PERSOAL DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN LOCAL: “CONSERVACIÓN DA REDE VIARIA” E “MANTEMENTO ZONAS VERDES”.

Visto o informe da orientadora laboral sobre a resolución da Consellería de Traballo sobre concesión de subvencións de programas de Cooperación Local 2010,

Vista a proposta da Alcaldía, que di:

### **PROPOSTA DA ALCALDÍA.**

Á vista do informe emitido pola orientadora laboral, do contido nas resolucións de concesión de subvencións das obras ou servizos; “Conservación da Rede Viaria” e “Mantemento Zonas Verdes” integradas nos programas de cooperación local do Concello de Moaña e do contido na Orde de 19 de febreiro de 2010 da Consellería de Traballo e Benestar, reguladora dos Programas de Cooperación, faise necesario aprobar as bases de selección e polo tanto poñer en marcha o procedemento de selección e posterior contratación dos traballadores que formarán parte dos ditos programas, aprobando os criterios e data de selección dos candidatos á contratación, a composición do tribunal cualificador e as condicións baixo as que se realizarán as contratacións.

Polo anterior, **PROPOÑO:**

**A) Aprobar os criterios de selección dos traballadores de entre os candidatos que serán enviados para cada posto de traballo subvencionado pola oficina de emprego, así como a composición do tribunal cualificador e a data de selección dos mesmos.**

Os criterios, datas de selección e composición do tribunal propostos son os seguintes:

### **BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAL DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN LOCAL 2010 DO CONCELLO DE MOAÑA.**

#### **PRIMEIRA: OBXECTO**

O obxecto das presentes bases é establecer o procedemento de selección de persoal que será contratado dentro dos programas de cooperación local entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Moaña correspondentes ao período 2010.

En todo caso a selección de traballadores realizarase de entre os candidatos que sexan remitidos para cada posto de traballo subvencionado pola oficina de emprego de Cangas, de acordo co recollido no artigo 12 da Orde de 19 de febreiro de 2010 da Consellería de Traballo e Benestar reguladora dos Programas de Cooperación Local.

Os postos de traballo a cubrir, así como a titulación esixida, o salario e duración do contrato para cada un dos postos son os que se indican na seguinte táboa.

Nº POSTOS	DENOMINACIÓN POSTO	TITULACIÓN ESIXIDA	SALARIO BRUTO	DURACIÓN CONTRATO
<b>CONSERVACIÓN DA REDE VIARIA .</b>				
1	OFICIAL CANTEIRO	Sen titulación.	1.402,44	5 meses
1	OFICIAL ALBANEL	Sen titulación	1.402,44	5 meses
1	PEÓN SERVIZOS MÚLTIPLES	Sen titulación.	1.301,73	5 meses

MANTEMENTO ZONAS VERDES				
1	OFICIAL XARDINEIRO	Sen titulación.	1.402,44	9 meses
2	PEÓNS XARDINEIROS	Sen titulación.	1.301,73	9 meses

Os candidatos que resulten seleccionados serán contratados baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada de interese social, a tempo completo e para unha obra ou servizo determinado.

### SEGUNDA: CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte nesta convocatoria, será necesario:

- Ser candidato remitido pola oficina de emprego de Cangas para o posto de traballo ó que se pretende optar.
- Ser español. Os nacionais dos demais Estados membros da U.E. e os estranxeiros residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións cós españois, deberán acreditar a súa nacionalidade ou a súa residencia e o cumprimento das condicións establecidas para tódolos aspirantes, mediante a tarxeta acreditativa, en orixinal ou fotocopia compulsada, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.
- Ter 16 anos cumpridos e non exceder dos 65.
- Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, que determinen as disposicións vixentes.

Todos estes requisitos deberán posuírse no momento de remata-lo prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata o momento da proposta de contratación e posterior sinatura do contrato.

### TERCEIRA: INSTANCIAS

As instancias para tomar parte nesta convocatoria, nas que os aspirantes manifestarán que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos, dirixiranse ó Sr. Alcalde-Presidente da Corporación e presentaranse no rexistro xeral deste concello, **ata o 9 de xullo de 2010**.

Así mesmo os aspirantes acompañaran ás instancias a documentación seguinte:

- Fotocopia do DNI debidamente compulsada.
- Fotocopia compulsada do documento de afiliación á Seguridade Social.
- Fotocopia compulsada do título esixido ou, no seu defecto, xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a expedición do mesmo.
- Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.
- Declaracións xuradas de cumprir os requisitos sinalados na base segunda, apartado f) sen prexuízo no seu caso de ter que acreditálo tamén de xeito documental caso de así o solicitase o Tribunal.



- Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos que aleguen (títulos de cursos, contratos, nóminas...)
- Vida laboral actualizada.

O requisito de ser candidato remitido pola oficina de emprego de Cangas será comprobado polo Concello de Moaña mediante listado de candidatos para cada posto de traballo subministrado pola propia oficina, non sendo admitido ao proceso selectivo ningún candidato que non figure no citado listado.

#### **CUARTA: TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

**O tribunal de selección estará integrado polos seguintes membros:**

##### **Presidente:**

- Carmen Pérez García. Orientadora laboral

##### **Vogais:**

- Gloria Chapela Lemos. Persoal Laboral fixo, area administración .
- Jesús Boubeta García. Capataz de obras do Concello.
- José Martínez Santomé. Oficial Xardineiro do Concello.

##### **Secretario:**

- O secretario do Concello de Moaña, ou funcionario en quen delegue.

O tribunal poderá nomear un asesor, caso de consideralo preciso.

#### **QUINTA: SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN.**

##### **PERSOAL DE “ CONSERVACIÓN DA REDE VIARIA” E “MANTEMENTO ZONAS VERDES”**

**1. Valoración de currículos, 30% da puntuación.** Nesta fase de poderase acadar un **máximo de 3 puntos**, valorándose méritos da seguinte forma:

- **Experiencia:** A **máxima puntuación** neste apartado será de **2 puntos**.

Por cada seis meses de traballo acreditado en posto igual ó que aspira.....0,2 puntos.

- **Formación:** A **máxima puntuación** neste apartado será de **1 punto**.

Por cada curso de formación, impartido, organizado ou homologado por administracións públicas ou universidades, directamente relacionado co posto de traballo ao que se opta:

- Ata 40 horas . .....0,10 puntos.
- De 41 a 100 horas.....0,20 puntos.
- De 101 a 200 horas.....0,40 puntos.
- Mais de 200 horas.....0,50 puntos.

- Titulación oficial da especialidade.. 1,00 puntos

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante fotocopia compulsada de contratos ou nóminas ou certificacións oficiais e vida laboral actualizada.

O cursos de formación deberán acreditarse mediante fotocopia compulsada do diploma e/ou título. Non se valorarán os cursos de menos de 20 horas.

## **2. Exame tipo test, 20% da puntuación. Máximo 2 puntos.**

Realización dun exame teórico tipo test de 20 preguntas, con catro posibles respostas alternativas, das que so 1 poderá ser correcta. Cada 2 preguntas mal contestadas resta 1 pregunta ben contestada, as preguntas non contestadas non restan. O exame versará sobre as materias que figuran como anexo a estas bases.

## **3. Proba práctica, 50% da puntuación. Máximo 5 puntos.**

A proba práctica consistirá nunha demostración dos coñecementos, capacidades e aptitudes necesarias para desenvolver o traballo ao que aspira.

## **SEXTA: CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS.**

A cualificación obtida polos aspirantes será a resultante da suma da puntuación obtida nos distintos exercicios.

Entenderanse seleccionados para cada posto de traballo os aspirantes que maiores puntuacións acaden, pola súa orde de puntuación, ata cubrir a totalidade dos postos ofertados. En caso de empate entre os candidatos a calquera posto de traballo, decidirse a selección outorgando preferencia aos colectivos con maiores dificultades de inserción laboral, pola seguinte orde de preferencia:

- 1) Mulleres, en especial vítimas de violencia.
- 2) Menores de 30 anos, en especial, demandantes do primeiro emprego ou sen cualificación.
- 3) Persoas con discapacidade.
- 4) Desempregados de longa duración.
- 5) Desempregados que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego.
- 6) Desempregados maiores de 45 anos.
- 7) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social

O resto dos aspirantes que non resulten inicialmente seleccionados pasarán a formar parte dunha lista, pola súa orde de puntuación, que poderá ser utilizada de cara a cubrir posibles substitucións, así como tamén, no seu caso, novas contratacións derivadas de resolucións complementarias para as obras ou servizos as que pertencen os postos obxecto desta convocatoria.

## **SETIMA: FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.**

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador elevará ó órgano competente a proposta de contratación dos aspirantes que obteñan a maior puntuación, quen resolverá sobre a contratación e

formalización dos contratos de conformidade cos modelos de contratación previstos na normativa aplicable.

**OITAVA: PRAZOS.**

**Presentación de documentación:** Ata o 9 de xullo .

**Listado admitidos e excluídos e valoración de currículos:** Día 13 de xullo ás 14:00

**Exames tipo test e probas prácticas:** Día 14 de xullo, o exame tipo test ás 09:00 h no salón de plenos do Concello e ás 17:00 h a proba práctica. O lugar da proba práctica comunicárase unha vez realizado o exame tipo test.

**Publicación de resultados:** Día 15 de xullo.

**Período de alegacións:** días 17 e 19 de xullo.

**Publicación resultados definitivos:** Día 20 de xullo

**NOVENA: PUBLICIDADE.**

As presentes bases serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Moaña.

**DÉCIMA: NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

Para todo o non previsto nas presentes bases, será de aplicación a Orde de 29 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo reguladora dos Programas de Cooperación Local para o ano 2009, a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado público, Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia, a Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, o Real Decreto Lexislativo 781/86 de Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, o Decreto 95/1991 polo que se aproba o Regulamento de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o Real Decreto 364/95, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional.

**B) Que o Concello de Moaña contrate ós candidatos seleccionados e propostos polo tribunal, de acordo cos seguintes custos de contratación:**

As remuneracións a percibir polos traballadores serán as seguintes:

**CUSTOS DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN LOCAL 2010. CONCELLO DE MOAÑA.**

OCUPACIÓN	SALARIO MES	COMP. POSTO	p.p. EXTRA	PLUS ESTRAS.	SALARIO BRUTO	BASE COTIZAC.	COTA EMPR. S.S.	CUSTO TOTAL MES
<b>CONSERVACIÓN DA REDE VIARIA (CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN).</b>								
OFICIAL 1ª ALBANEL	1.093,23	36,00	188,21	85,00	1.402,44	1.317,44	497,99	1.900,43
OFICIAL 1ª CANTEIRO	1.093,23	36,00	188,21	85,00	1.402,44	1.317,44	497,99	1.900,43
PEÓN SERV. MULTIPLES	1.042,91	0,00	173,82	85,00	1.301,73	1.216,73	459,92	1.761,65

<b>MANTEMENTO DE ZONAS VERDES (CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR DA CONSTRUCIÓN).</b>								
OFICIAL 1ª XARDINEIRO	1.093,23	36,00	188,21	85,00	1.402,44	1.317,44	497,99	1.900,43
PEÓN XARDINEIRO	1.042,91	0,00	173,82	85,00	1.301,73	1.216,73	459,92	1.761,65

**ANEXO:**

**MATERIAS OFICIAL 1ª ALBANEL**

- Tema 1.- A constitución española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais.
- Tema 2.- Principais traballos a desenvolver en albanelería.
- Tema 3.- Principais técnicas de traballo en albanelería.
- Tema 4.- Maquinaria utilizada en traballos de albanelería.
- Tema 5.- Ferramentas utilizadas en traballos de albanelería.
- Tema 6.- Distintos materiais utilizados e as súas características.

**MATERIAS OFICIAL 1ª CANTEIRO**

- Tema 1.- A constitución española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais.
- Tema 2.- Principais traballos a desenvolver en cantería.
- Tema 3.- Principais técnicas de traballo en cantería.
- Tema 4.- Maquinaria utilizada en traballos de cantería
- Tema 5.- Ferramentas utilizadas en traballos de cantería.
- Tema 6.- Tipos de pedra e materiais utilizados. Características.

**MATERIAS PEÓN DE SERVIZOS MULTIPLES**

- Tema 1.- A constitución española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais.
- Tema 2.- Principais traballos a desenvolver en construción.
- Tema 3.- Maquinaria utilizada en traballos de construción.
- Tema 4.- Ferramentas utilizadas en traballos de construción.
- Tema 5.- Principais materiais utilizados en construción.

**MATERIAS OFICIAL XARDINEIRO.**

- Tema 1.- A constitución española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais.
- Tema 2.- Principais traballos a desenvolver en xardinería.
- Tema 3.- Principais técnicas de traballo en xardinería
- Tema 4.- Maquinaria utilizada en traballos de xardinería
- Tema 5.- Ferramentas utilizadas en traballos de xardinería.
- Tema 6.- Clasificación e propiedades de árbores e plantas.

**MATERIAS PEÓN XARDINEIRO.**

- Tema 1.- A constitución española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais.
- Tema 2.- Principais traballos a desenvolver en xardinería.
- Tema 3.- Maquinaria utilizada en traballos de xardinería

Tema 4.- Ferramentas utilizadas en traballos de xardinería.

Tema 5.- Clasificación e propiedades de árbores e plantas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

#### **16.- INSCRIPCIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE CANS DE RAZAS PERIGOSAS**

D. Sergio Gayo Cordeiro, por escrito con entrada no Concello o día 15 de xuño de 2010, solicita licenza para a tenza dunha cadela de raza DOGO ARXENTINO e de nome LAILA, así como a súa inscrición no rexistro municipal de cans de razas perigosas. Achega toda a documentación requirida agás o certificado de antecedentes penais que se solicita dende este Concello e que xa se recibiu..

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a inscrición solicitada por D. Sergio Gayo Cordeiro e darlle traslado ao Rexistro Galego.

#### **17.- NOMEAMENTO DE DIRECTORA DE OBRA**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda nomear director de obra *Construcción de circuitos deportivos biosaudables nas áreas naturais do Concello de Moaña* ao D<sup>a</sup>. Silvia Vázquez Fernández.

#### **18.- POSTOS MERCADILLO VENDA AMBULANTE**

Vistos os informes favorables do encargado do mercadillo de data 14 de xuño de 2010, ás solicitudes de concesións de postos do mercadillo que presentaron a documentación requirida polo Concello para poder exercer a venda ambulante:

<b>Nome e apelidos</b>	<b>NIF – NIE</b>	<b>DÍA</b>
María Isabel Arribas Paz	35.294.802 Z	sábados
José María Castro Sesse	34.243.356 J	sábados

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as solicitudes de concesións reflectidas na táboa.

#### **19.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓN AUGAS E SANEAMENTO**

A vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relación a continuación.

	<b>Servizo</b>	<b>Lugar</b>	<b>Taxas aboadas</b>	<b>Informe favorable</b>
JOSE MEIRA BARCIA	Auga e Saneamento, uso	Berducedo, 31 E.	D. conexión..... 60 € Fianza..... 20 €	Aparellador mun. Aqualia

	doméstico			D. saneamento..... 180 €	
MARÍA DOLORES PIDRE CURRA	Saneamento, uso doméstico	Broullón, 62		D. saneamento..... 180 €	Aparellador mun. Aqualia
JULIA SANTOMÉ CHAPELA	Saneamento, uso doméstico	Piñeiro, 32		D. saneamento..... 180 €	Aparellador mun. Aqualia
MAURICIO ALONSO TRONCOSO	Saneamento, uso doméstico	Verdeal, 108 A		D. saneamento..... 180 €	Aqualia Aparellador
JOSÉ RODRÍGUEZ COSQUE	Saneamento, uso doméstico	Fontes, 136.		D. saneamento..... 180 €	Aparellador mun. Aqualia
JOSÉ RODRÍGUEZ COSQUE	Saneamento, uso doméstico	Fontes, 136.A		D. saneamento..... 180 €	Aparellador mun. Aqualia
TERESA RODRÍGUEZ MARTÍNEZ	Auga e Saneamento, uso doméstico	Fontes, 137.		D. conexión..... 60 € Fianza..... 20 € D. saneamento..... 180 €	Aparellador mun. Aqualia
JOSEFA CRUZ SANLUIS	Auga uso doméstico	Mingalleira, 12 O Con		D. conexión..... 60 € Fianza..... 20 €	Aparellador mun. Aqualia
JULIA BOUBETA DIZ	Auga uso doméstico	Sisalde, 15 – 2º D		D. conexión..... 60 € Fianza..... 20 €	Aparellador mun. Aqualia
ANA Mª ALVAREZ RIAL	Saneamento, uso doméstico	Verdeal, 105		D. saneamento..... 180 €	Aqualia Aparellador
JOSE GARCÍA PORTELA	Saneamento, uso doméstico	Casal, 29		D. saneamento..... 180 €	Aqualia Aparellador
FRANCISCO OTERO RÍOS	Saneamento, uso doméstico	Casal, 70		D. saneamento..... 180 €	Aqualia Aparellador
MANUELA GARCÍA FERNÁNDEZ	Auga uso doméstico	Piñeiro, 102 B		D. conexión..... 60 € Fianza..... 20 €	Aparellador mun. Aqualia
ENRIQUE ÁNGEL SELJAS IGLESIAS	Saneamento, uso doméstico	Caeiro Moureira, 156 B Meira		D. saneamento..... 180 €	Aqualia Aparellador
JUAN CARLOS VILLAR FERRADAS	Auga uso doméstico	Martinga – Canexa, 6 – 2º A		D. conexión..... 60 € Fianza..... 20 €	Aparellador mun. Aqualia

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:45 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.